

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúnese no Pazo provincial ás 12,19 horas do día 20 de xaneiro de 2023, baixo a Presidencia de: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ** EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 16 de decembro de 2022.

### **2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS CON CARGO AO PROGRAMA "MUSIGAL" 2023 (Exped. 2022074224)**

A presidencia informa sobre as bases de solicitudes de actuacións de grupos con cargo ao Programa "Musigal" 2023 que se aprobaron na Xunta de Goberno de 23 de decembro de 2022 e saíron publicadas no BOPPO núm. 246 de 27 de decembro de 2023. O importe que se destina a este programa é de 500.000,00 € que se financiarán con cargo á aplicación 23/330.3340.226.30 do orzamento provincial.

Poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022.

Os concellos destinatarios poderán solicitar a autorización dunha actuación, de grupos incluídos no Catálogo de grupos Musigal da provincia de Pontevedra, a desenvolverse entre o 1 de abril e o 31 de decembro do 2023, dirixida ao público en xeral e de entrada libre.

O prazo de presentación de solicitudes de actuacións por parte dos concellos interesados será desde o 9 de xaneiro de 2023 ata o 25 de xaneiro de 2023, os dous incluídos.



### 3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,21 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

